



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Orientación e políticas de emprego		Código	652G03031
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación			
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A15	Elaborar e xestionar medios e recursos para a intervención socioeducativa.
A17	Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer e utilizar axeitadamente os conceptos básicos de referencia	A3		C1
Analizar e valorar criticamente as características do actual mercado laboral e as súas implicacións sociais.	A5	B1 B2	C3 C7
Analizar e valorar criticamente as políticas de emprego que se desenvolven a nivel da UE, España e Galicia, nomeadamente no que fai a precarización das condicións laborais e a corrección dos desigualdades no acceso ó mercado laboral	A3 A17	B1 B6	C1 C3 C5
Coñecer a evolución e características das actuais políticas de emprego (comunitarias, estatais e autonómicas)	A3 A17	B1	C3
Comprender e valorar críticamente as funcións da formación e da orientación nas políticas activas de emprego	A3 A5 A15	B5	C3 C7
Coñecer a valorar as alternativas de diagnóstico e propostas de solución á actual crise de emprego e á globalización da precariedade laboral.	A3	B1 B5	C4



Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA I. O Escenario sociolaboral	1.1. Conceptos básicos de referencia 1.2. A crise de emprego: desemprego e precariedade laboral 1.3. Emprego e desemprego: evolución e situación actual 1.3.1. Mocidade e mercado laboral 1.3.2. Muller e mercado laboral 1.4. Causas do desemprego 1.5. Cambios na estrutura ocupacional e formación ó longo da vida
TEMA II. As políticas de Emprego: evolución e situación actual	2.1. Políticas de emprego: concepto e tipoloxía 2.2. As políticas de Emprego na Unión Europea 2.3. As políticas de Emprego en España 2.4. As políticas de Emprego en Galicia
TEMA III. Olladas alternativas	3.1. Na diagnose 3.2. Nas propostas
TEMA IV. A orientación profesional como medida activa de emprego	4.1. Evolución e consideración actual nas políticas de emprego e educativas. 4.2. A orientación con persoas desempregadas: organización, accións desenvolvidas e profesionais.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	2	30	32
Discusión dirixida	2	6	8
Traballos tutelados	2	41	43
Sesión maxistral	15	0	15
Aprendizaxe colaborativa	6	15	21
Glosario	0	2	2
Mapa conceptual	0	2	2
Mesa redonda	1	2	3
Portafolios do alumno	15	0	15
Proba de resposta breve	2	4	6
Actividades iniciais	1	0	1
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Ten como obxectivos a profundización nos contidos abordados, o contraste de distintos puntos de vista e a análise das medidas activa de emprego desenvolvidas a nivel comunitario, español e galego.
Discusión dirixida	Sobre temáticas concretas e como actividade complementaria da análise de fontes documentais.
Traballos tutelados	O traballo tutelado consiste na elaboración en grupo dun informe sobre unha das seguintes temáticas: as reformas laboral e das pensións, as "solucións alternativas"; á crise actual e as políticas de emprego despregadas con diferentes colectivos. O produto é a realización dun informe e a organización dunha mesa redonda sobre estas temáticas. É obrigatoria a asistencia a tres de sesións de titoría.



Sesión maxistral	Exposición da profesora dirixida a presentación, explicación, síntese e relación entre os contidos abordados ó longo dos distintos temas.
Aprendizaxe colaborativa	Considerase como un principio de funcionamento do grupo nas actividades grupais (traballo tutelado e cartafol grupal)
Glosario	Forma parte do cartafol grupal.
Mapa conceptual	Actividade integrada no cartafol grupal e consiste na elaboración dun mapa conceptual da materia
Mesa redonda	Forma parte do traballo tutelado e vai versar sobre as reformas laboral e das pensións.
Portafolios do alumno	Actividade grupal no que se inclúen as actividades grupais, o glosario, o mapa conceptual e unha reflexión sobre as aprendizaxes adquiridas e sobre o funcionamento do grupo.
Proba de resposta breve	As preguntas demandan das capacidades de síntese, análise e comparación.
Actividades iniciais	Son actividades de coñecementos previos que se realizarán ó inicio de cada tema ou apartado do mesmo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Mesa redonda Traballos tutelados	A atención personalizada é obrigatoria para a realización do traballo tutelado, para a presentación da intervención na mesa redonda e para o seguimento do alumnado non asistente.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Mesa redonda	As distintas perspectivas sobre as temáticas estudadas no traballo tutelado van ser expostas na mesa redonda. Haberá tantas mesas redondas como temáticas estudadas.	10
Portafolios do alumno	O portafolio é grupal e integra as actividades grupais realizadas, unha reflexión sobre as aprendizaxes adquiridas e sobre o funcionamento do grupo.	30
Traballos tutelados	Forma parte do cartafol. O traballo tutelado consiste na elaboración dun informe sobre unha das seguintes temáticas: as reformas laboral e das pensións, as "solucións alternativas" á crise actual e as políticas de emprego despregadas con diferentes colectivos.	30
Proba de resposta breve	As preguntas demanda das capacidades de análise, síntese e comparación.	30

Observacións avaliación

O alumnado non asistente (menos do 80% de asistencia) pode optar por este sistema de avaliación sempre é cando realice todas as actividades que se propoñan no transcurso da materia. Neste caso é obrigatorio o seguimento tutorial. A outra opción é un exame con preguntas de resposta breve e de desenvolvemento dun tema.

Para superar a materia hai que ter aprobadas (a metade da nota asignada) cada unha das actividades que cualifican na puntuación final.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Vence, X. (2011). Crise e radicalización neoliberal. As alternativas silenciadas. Santiago: Editorial Laiovento - Navarro, V.Torres, J. e Garzón, A. (2011). Hay alternativas. Propuestas para crear empleo y bienestar social en España.. Madrid: Editorial Sequitur - Castillo, J. J. (2009). La soledad del trabajador globalizado. Memoria, presente y futuro.. Madrid: Editorial Catarata - Garzón, A.; Torres, J. e Navarro, V. (2012). Lo que España necesita . Bilbao: Editorial Deusto - Ruiz Viñals, C. (Coord) ((2006)). Políticas sociolaborales. Un enfoque pluridisciplinar.. Barcelona: Editorial UOC - García, J. A e Saban, C (coords) (2008). Un nuevo modelo de formación para el S XXI. La enseñanza basada en competencias. . Barcelona: Editorial Davinci
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Orientación ocupacional/652G03021

Observacións

Orientación e Políticas de Emprego complementa os contidos da materia Orientación Ocupacional. Permite analizar a evolución e características actuais do mercado laboral, das políticas de emprego desenvolvidas na Unión Europea, en España e en Galicia, así como distintas ollhadas sobre as reformas laboral e das pensións e sobre a actual crise e como se pode atallar.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías